



## O INSS farase cargo da xestión do Réxime de Clases Pasivas do Estado.

**O cambio implica o paso do Ministerio de Facenda ao de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, sen cambios nas prestacións ou xubilacións.**

O **RD-L 15/2020** publicado no BOE do 22 de abril regula a integración da xestión do réxime de Clases Pasivas no Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, deixando o de Facenda ao que sempre estivo adscrito. Transitoriamente será a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social quen se faga cargo da xestión. Posteriormente **será o INSS quen xestione todo o relacionado coas xubilacións de CC.PP.**

No RDL indícase que o Estado transferirá o importe para o financiamento dos gastos pola xestión do sistema de Clases Pasivas. Estas pensións inclúense directamente no Orzamentos do Estado xa que non nacen das cotizacións á Seguridade Social como acontece coas pensións do Réxime Xeral.

O cambio non afecta ás prestacións, xubilacións, haberes reguladores nin ningunha outra característica deste réxime especial, no que están encadrados a inmensa maioría do profesorado

xubilado e de todo aquel en activo que accedeu con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2011.

O cambio de adscrición ministerial non afecta ás pensións de Clases Pasivas

### Clases Pasivas segue na vía de extinción.

Esa data supuxo unha fractura nos dereitos do profesorado funcionario de carreira, xa que colocou en vía de extinción Clases Pasivas e as melloras que en materia de xubilación anticipada ten. Isto,

acompañado da reforma das pensións pactada polo goberno Zapatero, a patronal, UGT e CCOO., implicou un claro agravamento das condicións para acceder á xubilación de todo o profesorado que accedeu após esa data, encadrado no Réxime Xeral.

**CIG-Ensino** defende o dereito á xubilación anticipada cos mesmo dereitos de Clases Pasivas para todo o profesorado, sexa de novo ingreso após 2011 ou interino e así o volveu alegar nas emendas ao proxecto de Lei da LOMLOE.